

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. [XII Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos](#)
2. [Acto de entrega dos premios SEIO – FBBVA e Medallas da SEIO](#)
3. [Sesión Especial da SGAPEIO XXXIX Congreso da SEIO – Sesión Especial da SGAPEIO](#)
4. [Congreso ADISTA 2022 \(Santiago de Compostela\)](#)
5. [Escola de verán València International Bayesian Summer School \(VIBASS 5\)](#)
6. [Escuela Latinoamericana de Verano en Investigación Operativa 2022](#)
7. [Premios de Investigación Matemática Vicent Caselles](#)
8. [Bolsas no BCAM](#)
9. [Contrato para investigador postdoutoral en estatística ofertado pola Université Libre de Bruxelles](#)

1.- XII Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos

A Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e a Investigación de Operacións (SGAPEIO) vén de convocar o XII Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos para proxectos de estatística e investigación de operacións realizados por estudantes de ESO, FP Básica, Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Participantes:

Poden participar estudantes (matriculados en centros da Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2021-2022) de ESO, FP Básica, Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio. A participación pode ser individual ou en grupo (máximo de 5 estudantes). Cada participante ou grupo deberá contar polo menos cun docente-titor do seu centro, que supervise o traballo presentado. Distínguense tres categorías:

- Categoría A: 1º e 2º de ESO.
- Categoría B: 3º e 4º de ESO e FP Básica.
- Categoría C: Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio.

Non hai limitación de concursantes por un mesmo centro, nin de traballos titorizados por un mesmo docente. Só se permite unha participación por estudante.

Datas importantes:

- Inscripción de traballos: dende o 1 ata o 29 de abril de 2022.
- Entrega dos traballos finalizados: dende o 4 de abril ata o 2 de maio de 2022.
- Fallo do xurado: dende o 30 de maio ata o 3 de xuño 2022.

Máis información:

<https://sgapeio.es/index.php/formacion-e-actividades/premios-sgapeio/3513-xii-concurso-incubadora-de-sondaxes-e-experimentos>

2.- Acto de entrega dos premios SEIO – FBBVA e Medallas da SEIO

15 de febreiro de 2022

O próximo 15 de febreiro terá lugar o acto de entrega das Medallas da SEIO e dos premios SEIO – Fundación BBVA correspondentes á primeira (2020) e segunda edición (2021). Entre os premiados atópanse numerosos membros da estatística galega e socios da SGAPEIO como Wenceslao González Manteiga, Ricardo Cao, Salvador Naya, Manuel Febrero, Amalia Jácome Pumar, Eduardo García Portugués, Inés Barbeito, Ana López Cheda ou Javier Tarrío. Desde a SGAPEIO quixéramos felicitar polo éxito acadado tanto aos premiados como aos seus grupos e redes de investigación.

Cerimonia de entrega: Fundación BBVA, Palacio del Marqués de Salamanca, Paseo de Recoletos, 10, Madrid; 15 de Febreiro de 2022, 19:30 horas.

3.- XXXIX Congreso da SEIO – Sesión Especial da SGAPEIO

7-10 de xuño de 2022, Granada

Infórmase a todos os socios que, no próximo congreso da SEIO, a celebrarse en Granada, entre o 7 e o 10 de xuño de 2022, terá lugar una sesión especial convidada dedicada á nosa Sociedade, e que ten por título “SGAPEIO-SEIO: Aplicacións estatísticas desde Galicia”.

O obxectivo desta sesión é mostrar traballos realizados en Galicia, no ámbito da estatística aplicada, en temáticas como a loita contra incendios, o control da calidade, a Saúde ou o medio ambiente, constando das seguintes ponencias:

- Relator: Isabel Fuentes Santos (CSIC-Instituto de Investigacións Mariñas). Título: Datos xeorreferenciados e procesos puntuais na loita contra incendios forestais.
- Relator: Salvador Naya Fernández (Universidade da Coruña). Título: De Galicia a Ecuador: datos, Estatística, e máis...
- Relator: Javier Roca Pardiñas (Universidade de Vigo). Título: Modelos Bivariantes de regresión de localización e escala: Aplicacións en medioambiente e saúde.
- Relator: Ángel Manuel González Rueda (Universidade da Coruña). Título: Development of a tool for the optimal scheduling of oncology patients in a galician hospital.
- Moderador da sesión convidada: Salvador Naya Fernández.

Infórmase igualmente que as datas de pago reducido foron recentemente estendidas, podéndose atopar no seguinte enlace: <https://seio2022.com/es/c/cuotas>

Máis información: <https://seio2022.com/es/>

4.- Congreso ADISTA 2022

15-17 de xuño de 2022, Santiago de Compostela

ADISTA22 é a terceira edición dos workshops internacionais ADISTA, enfocados nos Avances en Estatística Direccional (Bruxelas 2014, Roma 2017). Desde o primeiro congreso de ADISTA, celebrado en 2014, formouse unha cada vez maior comunidade de investigadores, o que reflicte o crecente interese na investigación tanto teórica como aplicada no campo da Estatística Direccional. O obxectivo principal dos talleres ADISTA é estimular a investigación neste campo reunindo aos investigadores para que compartan os seus últimos resultados, identifiquen novos problemas e aplicacións e fomenten o diálogo e futuras colaboracións.

O próximo congreso ADISTA22, a celebrarse en Santiago, e que ten como entidade colaboradora á SGAPEIO, consistirá en 30 charlas convidadas de vinte minutos de duración, xunto con sesións de visualización de pósteres e de debate sobre os mesmos. A participación no taller é só por invitación, cun número total de participantes limitado a uns 60. Se aínda non foi convidado pero está interesado en participar no taller, póñase en contacto con Arthur Pewsey (apewsey@unex.es) para ver se aínda quedan prazas dispoñibles.

Máis información: <http://eio.usc.es/pub/adista20/index.php/2-uncategorised/1-home>

5.- Escola de verán València International Bayesian Summer School (VIBASS 5)

18-22 de xullo de 2022, Valencia

A Escola Internacional de Verán Bayesiana de Valencia (VIBASS 5) terá lugar do 18 ao 22 de xullo de 2022 en Valencia (España). VIBASS 5 é unha escola de verán de 5 días que ofrece a oportunidade de introducirse na aprendizaxe bayesiana sen necesidade de ter coñecementos previos na materia. Os cinco días de VIBASS 5 están organizados en tres partes:

- O luns 18 e o martes 19 inclúen un curso básico sobre a aprendizaxe bayesiano (12 horas), con sesións conceptuais e prácticas con paquetes R. Aconséllase que os participantes traian os seus portátiles para as sesións prácticas.
- O mércores 20 e o xoves 21 están dedicados a un tema de interese actual na investigación bayesiana. O tema desta edición é Modelos espaciais e espazo-temporais co paquete R-INLA. Este curso de 12 horas é impartido pola profesora Marta Blangiardo (Imperial College London, Reino Unido) e a profesora Michela Cameletti (Università degli studi dei Bergamo, Italia). Son as autoras do libro "Spatial and Spatio-temporal Bayesian Models with R-INLA" publicado por Wiley.
- O venres 22 é o último día da escola. Está dedicado ao Quinto Taller VIBASS. Teremos dúas sesións plenarias cos relatores invitados Prof. Maria Eugenia Casteláns (Universidade Rey Juan Carlos, España) e Prof. Gianluca Baio (University College London, Reino Unido). Anímase aos asistentes a presentar as súas investigacións nunha sesión informal de intercambio de ideas, así como nunha sesión de pósteres.

VIBASS 5 está organizado polo grupo de investigación València Bayesian, ademais do grupo de investigación VABAR, contando tamén co apoio da Universitat de València, a Generalitat Valenciana, a Universidade de Castela-A Mancha, o CIRAD e Biomathematics and Statistics Scotland, BioSS. Pode atopar máis información e detalles prácticos sobre VIBASS 5, incluído o formulario de inscrición, en <http://vabar.es/>.

6.-Escola Latinoamericana de Verán en Investigación Operativa 2022

13-17 de xuño de 2022, Monterrey (México)

A ELAVIO é unha escola promovida por ALIO (Asociación Latinoamericana de Investigación Operativa) e apoiada por IFORS (International Federation of Operational Research Societies), dirixida principalmente a mozos investigadores e estudantes de posgrao (estudantes de doutoramento e mestría) de países latinoamericanos e iberoamericanos, con desempeño e interese sobresaliente nas áreas de Investigación Operativa, Enxeñería de Sistemas e Matemática Aplicada. Tamén poden ser aceptados estudantes avanzados de pregrao de todo o mundo. Tradicionalmente, EURO e IFORS ofrecen unha serie de bolsas para os asistentes europeos e de fóra de América Latina.

ELAVIO 2022 terá lugar na cidade de Monterrey, México, entre o 13 e o 17 de xuño de 2022. As universidades anfitroas serán o Tecnolóxico de Monterrey e a Universidade Autónoma de Novo León, dous dos principais centros de produción científica do país e da rexión. Pero ELAVIO 2022 realizarase no campus Monterrey do Tecnolóxico de Monterrey.

O programa de ELAVIO 2022 contará con catro cursos tutoriais a cargo de ponentes internacionais convidados, e con catro ou cinco charlas curtas a cargo de investigadores locais e relatores convidados. Ademais, o programa inclúe tres sesións paralelas nas que os participantes terán a oportunidade de presentar e discutir o seu traballo. Ademais, ao final do primeiro día incluíranse actividades de networking e culturais. Ademais, o mércores teremos unha excursión para gozar da contorna natural de Monterrey. Os idiomas oficiais do taller son o español, o portugués e o inglés. Con todo, recoméndase que as diapositivas estean en inglés.

Máis información: <https://sites.google.com/view/elavio2022/home>

7.- Premios de Investigación Matemática Vicent Caselles

A Fundación BBVA e a Real Sociedade Matemática Española (RSME) colaboran na convocatoria e adxudicación da oitava edición dos Premios de Investigación Matemática Vicent Caselles. Os premios levan o nome de quen foi profesor das universidades de Valencia, Illas Baleares e Pompeu Fabra, en recordo da súa figura científica e humana.

Nesta convocatoria concederáse un máximo de seis premios, cada un coa dotación bruta de 2.000 euros, todos eles na modalidade de Investigación Matemática.

Os premios están dirixidos a investigadores en matemáticas de nacionalidade española, ou doutra nacionalidade que realizen o seu traballo de investigación nunha universidade ou centro científico de España, que sexan menores de 30 anos ao 31 de decembro de 2021 e por tanto nacesen nos anos 1992 ou seguintes.

Sen excluír ningunha rama temática que se considere pertinente dentro do rango da investigación matemática á que se refiren os premios, considéranse incluídas as seguintes: combinatoria, optimización, estatística, teoría da información, lóxica, teoría de números, álgebra, xeometría algebraica, topoloxía, xeometría, teoría de representacións, análises, sistemas dinámicos, ecuacións en derivadas parciais, modelización e simulación, computación e aproximación, física matemática, matemáticas da vida e da Terra, matemáticas económicas e sociais.

O prazo de presentación de candidaturas, a través do correo electrónico premiosrsme@rsme.es da Secretaría da Real Sociedade Matemática Española, finaliza ás 14:00 horas (hora peninsular) do luns 28 de febreiro de 2022.

Bases da convocatoria e impreso de solicitude dispoñibles na web da Fundación BBVA:

- <https://www.fbbva.es/wp-content/uploads/2021/11/Bases-Premios-Investigacion-Matematica-Vicent-Caselles-2022.pdf>
- <https://www.fbbva.es/wp-content/uploads/2021/11/Impreso-solicitud-Premios-Investigacion-Matematica-Vicent-Caselles-2022.pdf>
- [Premios de Investigación Matemática Vicent Caselles 2022 - FBBVA](#)

8.- Bolsas no BCAM

[Bolsa Postdoutoral en Deep Data-Driven \(IKUR\)](#): No marco da Estratexia IKUR BCAM ofrece un posto Postdoutoral para traballar en Deep Learning, Data-Driven Computing,

Ecuacións Diferenciais Parciais e Problemas Inversos. Prazo de presentación de solicitudes: 28 de febreiro de 2022, luns.

[Bolseiro Postdoutoral en Aprendizaxe Automática para a Previsión Enerxética](#): No marco do proxecto IA4 TES - Intelixencia Artificial para a Transición Enerxética Sostible. BCAM ofrece un posto Postdoc para traballar en Machine Learning.

Requisitos para as bolsas postdoutorais: Os solicitantes deben ter o seu doutoramento terminado antes do inicio do contrato.

Máis información:

http://www.bcamath.org/en/research/job?utm_source=Lista+de+pruebas&utm_campaign=9e0139c5ce-EMAIL_CAMPAIGN_2018_10_31_10_33_COPY_01&utm_medium=email&utm_term=0_6d334327fb-9e0139c5ce-152694913

Contacto: recruitment@bcamath.org

9.- Contrato para investigador postdoutoral en estadística ofertado pola Université Libre de Bruxelles

Convidase a presentar solicitudes para un posto de postdoutoramento en Estatística no Departamento de Matemáticas da Université Libre de Bruxelles (ULB) en Bruxelas, Bélxica. Os temas de investigación do equipo de Estatística Matemática inclúen (pero non se limitan a) a teoría asintótica, métodos non paramétricos, estatística direccional, contrastes. Os temas concretos da investigación discutiránse cos candidatos, tendo en conta a súa propia formación e intereses. Os candidatos interesados deberán ter

- un doutoramento en Estatística, Matemáticas ou equivalente;
- unha boa formación en Estatística e/ou Matemáticas.

Ao candidato seleccionado ofreceráselle un posto de investigación durante un ano, con posibilidade de renovación. O salario fíxase de acordo coas directrices da universidade para os investigadores de postdoutoramento. Solicitaranse cartas de solicitude incluíndo o CV, lista de publicacións, unha breve descrición dos temas de investigación do candidato (2/3 páxinas) e os nomes (e direccións de correo electrónico) de dúas persoas de referencia (coas que poderemos poñernos en contacto). Toda a documentación deberá enviarse por e-mail a Thomas Verdebout (thomas.verdebout@ulb.be). A data de inicio do contrato está prevista para a primavera de 2022.